

CONTRATO DE TRABALLO DOMÉSTICO

En réxime interno, a tempo completo

Datos da parte empregadora:

NOME E APELIDOS	DNI/NIE/PASAPORTE
Manuela González Fernández	11111111A
Luís Vázquez González	22222222N

Domicilio de prestación dos servizos:

Avd. Rosalía de Castro, nº8, 5ºA 27785 Foz - Lugo

Datos da/do traballadora/traballador:

NOME E APELIDOS	DNI/NIE/PASAPORTE
Aurora Garzo Garzo	55555555P

CONVEÑEN

En realizar un contrato de traballo doméstico de acordo coas seguintes

CLÁUSULAS

PRIMERA: A traballadora contratada prestará os seus servizos como empregada do fogar, no domicilio situado en__Avd Rosalía de Castro, nº8, 5ºA, 27785 Foz-Lugo _____, en réxime interno, obligándose a realizar as tarefas domésticas¹ de limpeza, compra, e cociña así como o coidado dunha persoa maior en situación de dependencia.

SEGUNDA: A relación laboral iniciarase con data __2 de xaneiro do 2012_____ e o contrato é:

Indefinido: X Temporal:

TERCEIRA: Establécese un período de proba de ² ____1 mes____

CUARTA: A xornada de traballo será de ____40_____ horas semanais, prestadas de _____ luns a sábado _____cos descansos establecidos legalmente.

A distribución do tempo de traballo será³ das ____8.30 ás 14.30 e das 20.30 ás 22.30 horas, os días ____ de luns a venres____, e das____8.30_____ ás ____13.30_____ horas os días _____ sábados_____.

¹ Indicar as tarefas a realizar: limpeza do domicilio, cociña, coidado de nenas/os, coidado de persoas en situación de dependencia, outras

² Terá que respectarse, en todo caso, o disposto no artigo 14.1 do Estatuto dos Traballadores, non puidendo superar dous meses.

³ Concretar o horario de traballo efectivo e descansos pactados entre as partes

Horas de presenza ____ de luns a venres de 17.30 a 20.30h _____ durante as cales non se realizará ningunha tarefa doméstica ____ salvo acompañar á persoa atendida _____.

Tempo para as comidas principais⁴: a comida será das ____ 14.30 ____ ás ____ 15.30 ____ e a cea das ____ 20.30 ____ ás ____ 21.00 ____.

Descanso diario de luns a venres de ____ 15.30 ____ a ____ 17.30 ____ Durante este tempo a traballadora poderá saír libremente do domicilio.

Descanso semanal de ____ 13.30h _____ do sábado ás ____ 08.30h do luns.

QUINTA: O salario correspondente a 40 horas semanais será de ____ 800,00 _____ € ao mes

SEXTA: Tempo de presenza. O tempo de presenza será obxecto de retribución ou compensación do seguinte xeito⁵:

- Compensación con períodos equivalentes de descanso retribuído⁶
- Retribución con ____ 6 ____ € cada hora, o que fai un total de ____ 18 ____ € por día
- De calquera dos anteriores xeitos.

SÉTIMA: Pernocta

O réxime das pernoctas⁷ será de ____ 5 ____ noites á semana, de _luns_____ a __venres_____ entre as ____ 22.30 ____ horas dun día até as ____ 08.30 ____ horas do seguinte. As ____ 2 ____ hora(s) diaria(s) restantes⁸ até alcanzar o mínimo de 12 horas de descanso entre xornadas previsto no RD1620/2011, se compensará cun maior período de descanso na fin de semana dende o sábado ás 13.30 até o luns ás 8.30 da mañá. As tres horas semanais non recuperadas desfrutaránse en común acordo entre as partes.

A esta pernocta se lle atribúe un valor económico de ____ 200,00 _____ € mensuais. Durante a mesma, a traballadora non realizará traballo efectivo algúin, nin sequera os relacionados coa atención da persoa que coida, salvo supostos excepcionais. Se tal situación variase (por exemplo por un empeoramento do estado de saúde da persoa suxeita de coidados que supuxese carga de traballo nesta franxa horaria), o valor atribuído á pernocta incrementarase no que acorden as partes.

OCTAVA: As horas de traballo que se realicen fóra da xornada ordinaria se retribuirán como horas extraordinarias⁹ a razón de ____ 12 euros a hora _____

NOVENA: A traballadora terá 30 días anuais de vacacións. A falta de acordo sobre a data de disfrute, cada parte decidirá cando se desfrutarán 15 días. En calquera caso, ambas partes acordarán as datas ao menos con 2 meses de antelación.

⁴ Se ao longo da xornada hai un descanso para comer debe especificarse e pode non ser retribuído, pero nese caso a traballadora tería dereito a ausentarse do domicilio durante o descanso da comida. No caso de que teña que permanecer no domicilio deberá retribuírse.

⁵ Sinálese o que proceda

⁶ De optar por esta modalidade, concretar a forma e o momento no que se compensarán as horas de presenza pactadas.

⁷ Concretar o horario da pernocta, a compensación no caso de non respectar o mínimo legal de 12 horas de descanso entre xornadas e o valor económico que se lle atribúe ao mesmo.

⁸ En caso de que non cheguen ás 10 horas diárias

⁹ Acordar e fixar un prezo a cada hora extraordinaria

DÉCIMA: Retribución en especie¹⁰:

Non se pactan retribucíons en especie

X

As retribucións en especie consistirán en¹¹ ____ as tres comidas principais de luns a venres valoradas en 4,70 euros ao día: 0,50 euros almorzo, 2,20 a comida e 2,00 euros a cea¹²,

UNDÉCIMA: A contía de cada unha das pagas extraordinarias de xuño e decembro será de 800,00 €.

DUODÉCIMA: No non previsto neste contrato, estarase á lexislación vixente que resulte de aplicación e, particularmente, ao Real Decreto 1620/2011, do 14 de novembro, polo que se regula a relación laboral de carácter especial do servizo de fogar familiar e, supletoriamente, e no que resulte compatible, o Estatuto dos Traballadores aprobado polo RD Lexislativo 1/1995, de 24 de marzo (BOE do 29 de marzo).

CLAÚSULAS ADICIONAIS:

E para que así conste esténdese este contrato por triplicado exemplar no lugar e data a continuación indicados, asinando as partes interesadas:

En _____ a _____ de _____ do _____

O/A traballador/a Titular/es do fogar

¹⁰ As retribucións en especie non poderán ser superiores ao 30% das retribucións totais da traballadora. Deberá garantirse o pago en diñeiro dunha contía do salario mínimo interprofesional en cómputo anual en proporción á xornada.

¹¹ Para o suposto de que se abone salario en especie, determiníñese a cantidad a descontar sobre o salario total e o valor de cada concepto polo que se practica a dedución: almorzo, comida, cea e/ou aloxamento

¹² O aloxamento tamén pode ser salario en especie áinda cando exista obriga de pernocta, non debería realizarse desconto algúun por este concepto